

É Licenciado en Filoloxía Hispánica (pola Universidade de Alcalá de Henares) e en Teoría da Literatura e Literatura Comparada (pola Universidade Complutense de Madrid), e diplomado en Traballo Social (pola Universidade Pontificia de Comillas). Realizou numerosos cursos de formación complementaria sobre creatividade, educación sexual e teatro como recurso educativo, entre outros. No ámbito universitario traballou catro anos na primeira edición crítica das obras completas de Borges.

Conta contos de forma profesional para bebés, público infantil, xuvenil e adulto, dende 1994. Contou por toda España e tamén noutros países de Europa, América e África.

Foi membro do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil de Guadalajara (en España) e participou na organización do Maratón de Contos de Guadalajara entre 1994 e 2006. Tamén estivo implicado na organización doutros grandes eventos relacionados coa narración oral.

É socio fundador de AEDA (Asociación de Profesionais da Narración Oral en España).

Imparte talleres literarios e de creación; organiza actividades de animación á lectura; escribe artigos especializados, dá cursos e conferencias en universidades, colexios, centros de profesores, xornadas, congresos, seminarios, bibliotecas, casas da cultura etc.

Durante catro anos coordinou o seminario de literatura infantil e xuvenil de Villaviciosa de Odón. Na actualidade é membro da Pippi (o Seminario do Conto de Andar por Casa), creado en 2016.

Mantén a súa páxina web e o seu blogue (www.pepbruno.com), así como varias páxinas en Facebook dedicadas á biblioteca, a lectura e a narración oral. Forma tamén parte da Comisión de Web e eRedes de AEDA e é un dos encargados da web narracionoral.es.

En 2005 fundou a editorial Palabras del Candil, especializada en publicacións de libros e contos de narradores orais profesionais.

Dende setembro de 2019 conta contos cada semana en Radio Nacional de España.

Pep ten publicados 29 libros de contos para todas as idades e recibiu, por dous deles, senllos premios internacionais de álbum ilustrado.

Paula Carballeira

Adícase profesionalmente ao teatro e á narración oral dende 1992. Foi convidada aos principais festivais de narración oral tanto nacionais como internacionais (Brasil, Chile, Ecuador, Perú, Colombia, Cabo Verde, Portugal...). Participou en diversos programas da TVG (O clan dos impostores, Libro de familia, Apaga a luz, A noite en branco, Pequeno Hotel, O rei da comedia, Rías Baixas, Máxima Audiencia, Contando estrelas, Pepe o inglés), e ten colaborado en diferentes programas da Radio Galega ("Xamón, xamón", "A taberna da galega"). Membro da compañía teatral Berrobambán desde 1996, coa que coordinou a programación infantil ASTEROIDE B-612 que se desenvolveu na Sala Nasa de Santiago de Compostela e no Concello de Ferrol. Ademais dun traballo continuado en Berrobambán, traballa como actriz ou directora en propostas ocasionais doutras compañías. Por exemplo, dirixiu os espectáculos de Talía Teatro "Mundos contados", "Pequena" e "Rosa Caramelo e outras historias"; dirixiu e interpretou a proposta do Centro Dramático Galego para público infantil: "A cabana de Babaiajá" (estreada en marzo do 2006) e participou como actriz no espectáculo "Desde a sombra/Bufóns e Pallasos" da compañía Magrinyana. Percorre os escenarios galegos con Berrobambán e co colectivo de creación A Claque. No ano 2019 crea a peza "Doppelgänger" para unha coprodución entre Berrobambán, o Centro Dramático Galego e a compañía colombiana Arca de N.O.E., coa que realiza unha xira por Galiza e Colombia.

É autora de numerosos títulos de literatura infantil e xuvenil traducidos a varias linguas, libros escolares de lectura, ademais de poemarios e pezas de teatro (Premio Manuel María de Literatura Dramática no ano 2006, 2011 e 2018. Finalista Premio ASSITEJ ano 2016).

Xornada

BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA

20.nov.2021
Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia
Santiago de Compostela



- 09.30 h. · Recollida de documentación e control de asistencia inicial
-
- 10.00 h. · Saúdo e inicio da Xornada
-
- 10.15 h. · **Novas oralidades, novos textos: os desafíos da memoria transmedia**
 **Carlos Scolari**
-
- 11.15 h. · Pausa café
-
- 11.45 h. · **A biblioteca escolar ten a palabra – Experiencias de centros**
Aprendizaxe baseada en obxectos
Manuel Andrade Vallo · CEE Manuel López Navalón (Santiago de Compostela · A Coruña)
Frecuencia CLT: o valor da palabra
Purificación Vázquez Silva · CIFP Ánxel Casal (A Coruña)
PDI: Os Instrumentos do Pórtico da Gloria. Un mural 2.0
Rafael Sánchez-Agustino Rodríguez · CEIP A Lama (A Lama · Pontevedra)
-
- 13.00 h. · **Falar para contarnos: o poder e a ética da palabra**
 **Susana Pedreira**
-
- 14.00 h. · Control de asistencia | Pausa xantar
-
- 15.50 h. · Control de asistencia
-
- 16.00 h. · **De viva voz**
 **Pep Bruno**
-
- 17.00 h. · **A biblioteca escolar ten a palabra – Experiencias de centros**
A oralidade no marco do PDI “Mens sana in corpore sano”
Alicia Nimo Liboreiro · CEIP Plurilingüe de Outes (Outes · A Coruña)
Falar e escoitar. A linguaxe oral na Biblioteca
Aurora Ramilo Alfaya · CEIP Plurilingüe de Leirado (Pontevedra)
E logo, que facemos nos clubs de lectura
Anxos Rial Vidal · IES Sánchez Cantón (Pontevedra)
-
- 18.15 h. · Pausa
-
- 18.30 h. · **Que necesidade temos de contar historias?**
 **Paula Carballeira**
-
- 19.30 h. · **Contacontos**   **Pep Bruno e Paula Carballeira**
-
- 20.00 h. · Fin da Xornada

Carlos Scolari

Catedrático de Teoría e Análise da Comunicación Dixital Interactiva do Departamento de Comunicación da Universitat Pompeu Fabra – Barcelona. Doutor en Lingüística Aplicada e Linguaxes da Comunicación pola Università Cattolica dei Milano, e especialista no estudo dos medios dixitais de comunicación e a ecoloxía / evolución dos medios. Foi o Investigador Principal do proxecto Transmedia Literacy (programa Horizon 2020 da UE – 2015/18) e do proxecto Transalfabetismos (MINECO – 2015/17). Actualmente é o Investigador Principal do proxecto Platcom (2020-23). Foi coordinador do Máster Oficial de Comunicación Dixital Interactiva e do Grup de Recerca d'Interaccions Digitals (GRID) da Universitat de Vic (2003-2009). Tamén foi coordinador académico da eWeek – Setmana Dixital a Vic (2004-2009). No 2011 co-organizou a McLuhan Galaxy Barcelona 2011 International Conference e en 2018 a Transmedia Literacy International Conference. Desde o 2000 dita conferencias, cursos e talleres sobre comunicación dixital, semiótica das interfaces e deseño interactivo en universidades e institucións das Américas, Europa e Asia. En 2009 foi investigador visitante na University of Toronto e en 2013 na New York University. Entre outras obras publicou *Facer Clic. Cara a unha sociosemiótica das interaccións dixitais* (2004), *Hipermediaciones. Elementos para unha teoría da comunicación dixital interactiva* (2008), *O fin dos medios masivos. O comezo dun debate* (con M. Carlón, 2009), *Crossmedia Innovations* (con I. Ibrus, 2012), *Homo Videoludens 2.0* (2012), *Narrativas Transmedia. Cando todos os medios contan* (2013), *Transmedia Archaeology* (con P. Bertetti e M. Freeman), *Ecoloxía dos Medios* (2015), *As leis da interface* (2018) e *Media Evolution* (2019). No 2004 gañou o Premio Eusebi Colomer de Ensaio (Fundación Epon Ibérica – Gedisa). Os seus artigos foron publicados en *Communication Theory, New Media & Society, International Journal of Communication, Convergence, Semiotics, Information, Communication & Society, Journal of Visual Literacy, Comunicación e Sociedade, deSignis, Signo e Pensamento*, entre outras revistas científicas.
www.hipermediaciones.com ||| www.modernclicks.wordpress.com

Susana Pedreira (Vitoria – Gasteiz, 1983). Xornalista. Licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Comezou traballando en comunicación empresarial e institucional. No ano 2010 incorpórase á redacción de Onda Cero en Galicia. Dirixe e presenta o programa local diario “Más de Uno Pontevedra” desde hai dez anos. En setembro de 2015 asume a coordinación do programa “Gente Viajera de Galicia”, magazine semanal centrado no turismo, ocio, cultura e gastronomía. Ademais, desde 2016 forma parte da programación nacional de Onda Cero co programa “Un alto en el camino”, seis horas de directo nas mañás da fin de semana que cada verán se emite desde Pontevedra para todo o Estado. Desde hai dez anos organiza presentacións e sinaturas de libros con autoras e autores galegos e do resto do Estado. Creou en Pontevedra o concepto de “radio lectora” polo que xa pasaron máis dun cento de autores na Librería Cronopios, o espazo co que colabora. Formou parte do xurado de dous dos premios literarios máis prestixiosos de Galicia como o Xerais (2014) e o Torrente Ballester (2020). No ano 2017 foi finalista na Gala do Libro Galego na categoría de “Xornalismo Cultural”. Co-autora do libro “Oito olladas sobre a folga feminista do 8 de marzo” editado por Galaxia. Actualmente é comisaria do Premio Torrente Ballester de Narrativa en castelán convocado pola Deputación da Coruña e co-organizadora do congreso anual “As mulleres que opinan son perigosas”.

Susana Pedreira